




PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO


MAIO 2014



RESUMO EXECUTIVO



OFICINA DE
PLANEAMIENTO S.A.




Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19° A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

RESUMO EXECUTIVO

MAIO 2014



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

RESUMO EXECUTIVO

MAIO 2014

O presente documento, producido por Oficina de Planeamiento, S.A. para o Concello de Rianxo, elaborouse en desenvolvemento do contrato dos traballos de redacción do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O que certifico en A Coruña, maio de 2014.

Asdo.: Ánxel Viña Carregal

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

RESUMO EXECUTIVO

MAIO 2014

ÍNDICE	PÁX.
1. INTRODUCCIÓN	1
2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA, OPORTUNIDADE E ALCANCE DO PLAN	2
3. O MARCO LEXISLATIVO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL	6
4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN	7
5. ESTRUCTURA XERAL DA ORDENACIÓN E MODELO DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO	11
6. A CLASIFICACIÓN DO SOLO	16
7. DELIMITACIÓN DOS ÁMBITOS NOS QUE A ORDENACIÓN PROXECTADA ALTERA A VIXENTE	18
8. ÁMBITOS NOS QUE SE SUSPENDE A ORDENACIÓN OU OS PROCEDEMENTOS DE EXECUCIÓN OU DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA	21

1. INTRODUCCIÓN

Conforme ao establecido no art. 11.3 do Texto Refundido da “Ley del Suelo”, e de cara a garantir a publicidade e a eficacia na xestión pública urbanística, nos procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación urbanística, a documentación exposta ao público deberá incluír un resumo executivo expresivo dos seguintes extremos:

- a) Delimitación dos ámbitos nos que a ordenación proxectada altera a vixente.
- b) No seu caso, os ámbitos nos que se suspendan a ordenación ou os procedementos de execución ou de intervención.

O presente documento redáctase conforme ao anterior precepto legal incorporando non só aqueles aspectos específicos referidos á alteración do planeamento e suspensión de ordenación vixente, senón aqueles que se refiren á conveniencia e oportunidade da súa redacción, o marco lexislativo no que se basea e os obxectivos de ordenación que fundamentan a súa formulación.

2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA, OPORTUNIDADE E ALCANCE DO PLAN

A necesidade de redacción dun documento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, xustifícase na propia obsolescencia do planeamento vixente, pola súa antigüidade, pola súa desadequación ao marco lexislativo, pola evolución da problemática urbanística municipal e pola propia evolución das técnicas e prácticas urbanísticas nas derradeiras décadas.

Así as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal foron aprobadas en data 18.09.1985, constituíndo un documento con vintenove anos de antigüidade e polo tanto non adaptado ás actuais determinacións legais, tanto de carácter urbanístico como sectorial.

Neste contexto impúlsase polo Concello de Rianxo a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia.

En canto á lexislación estatal haberá de producirse a adaptación ás determinacións do Real Decreto Lexislativo 2/2008 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, así como debe incorporarse o procedemento de avaliación ambiental estratéxica á tramitación e á abordaxe das cuestións urbanísticas na escala territorial do PXOM.

O desenvolvemento de áreas de solo urbanizable, entre as que se atopan os dous ámbitos desenvoltos na Vila, SAU-2 e SAU-3, así como a formalización do Parque Empresarial tras a redacción do correspondente Proxecto Sectorial; a modificación e mellora da accesibilidade municipal, coa entrada en funcionamento da autovía do Barbanza AG-1.1 e o pulo acadado polo sistema urbano da Comarca do Barbanza, con Ribeira e A Pobra como cabeceiras do sistema urbano intermedio e Rianxo e Boiro como subcabeceiras dese sistema urbano definido polas Directrices de Ordenación do Territorio, configuran un novo escenario que se escapa das previsións do planeamento vixente.

Durante a década de 1990 consolidáronse actuacións de mellora das infraestruturas viarias de ámbito e servizo comarcal e rexional próximas; así a entrada en funcionamento do treito norte da AP-9 a finais de 1991 e do sur a finais de 1992, mellorou a conexión das terras do Barbanza con todo o territorio rexional e co inmediato de Portugal. Esta circunstancia favoreceu a expansión dos municipios situados no que se pasou a denominar corredor do eixo atlántico e favoreceu tamén o de aqueles municipio que sen formar parte do corredor propiamente dito, estaban en boas condicións de accesibilidade desde el, ou presentaban unhas condicións ambientais que

favoreceron ese desenvolvemento. A posición do sistema urbano do Barbanza con fronte á Ría de Arousa, a presenza do sistema de portos asociados a elas, destacando o de Ribeira, pero sendo de gran importancia para o marisqueo o porto de Rianxo, e a mellora da accesibilidade da comarca do Barbanza xa comentada coa posta en funcionamento da autovía AG-1.1, foi esencial para o crecemento das vilas localizadas neste territorio.

O municipio de Rianxo atópase entre os que melloraron significativamente a súa accesibilidade desde o enlace que en Padrón presenta a AP-9, que mellorou aínda máis coa execución da AG-1.1, que conta con tres enlaces no territorio municipal (Cara a Ponte de Catoira, de acceso á Vila e o de Taragoña), que coincide coa ampliación das súas instalacións portuarias, dándolle pulo tanto ás súas actividades de base para as flotas artesanais vinculadas coa produción mexilloneira como ao seu porto deportivo.

A aprobación definitiva das Directrices de Ordenación do Territorio establece un novo marco de referencias territoriais que deben incorporarse ao planeamento. A definición dunha xerarquía territorial do sistema de asentamentos coloca a Rianxo no sistema urbano intermedio como subcabeceira do agregado que conforma a Costa do Barbanza.

Por outra parte consolidáronse os procesos de expansión supramunicipal e de interrelación coas áreas urbanas de Pontevedra e de Santiago, que acadou unha expresión subliñable nos concello limítrofes, e que en segundo estadio está a afectar a municipios máis lonxanos, constituíndo o eixe atlántico e a fronte costeira o elemento de difusión.

Todas estas circunstancias sitúan ao municipio de Rianxo nunhas boas condicións para impulsar un proxecto equilibrado de ordenamento urbano e territorial dentro da comarca do Barbanza, con forte incidencia topográfica e de inserción territorial na marxe norte da Ría de Arousa, e coa Serra do Barbanza como telón paisaxístico de excepción, enfocado cara á oferta dotacional do seu territorio, a atracción de novos residentes, novas actividades económicas e empresariais, e o mantemento no resto do territorio da base rústica de soporte, preservando e valorando a boa calidade medioambiental, paisaxística e patrimonial, que debe estar presente en todas as opcións de planeamento.

Este conxunto de condicións xustifica a conveniencia de abordar a redacción do Plan Xeral Municipal de Ordenación, documento que permitirá o afianzamento das iniciativas do Concello de Rianxo e dos particulares, producíndose a súa integración nas decisións estratéxicas da planificación que se poden levar a cabo no marco da nova estrutura territorial definida nas Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas definitivamente.

Desde o punto de vista da ordenación territorial o planeamento debe adaptarse ás novas categorías de solo establecidas na lexislación urbanística, enmarcadas nun proceso miúdo de revisión das determinacións vixentes, capaz de definir un adecuado modelo territorial sobre a base dunha información cartográfica actualizada.

Por outra parte o novo marco legal urbanístico permite afinar na cualificación dos núcleos rurais do municipio, ordenando a súa clasificación como solo de núcleo rural enriquecendo os criterios e cualificacións protectoras dos valores agrícolas, paisaxísticos, medioambientais e patrimoniais. Ademais o municipio de Rianxo foi incluído no sistema de Núcleos de Identidade do Litoral establecidos polo Plan de Ordenación do Litoral, debido á singularidade que lle confire a súa estratéxica posición no borde costeiro e a súa vinculación co mar, co que o seu tratamento debe ser coidadoso no respecto do seu asentamento tradicional e na súa relación coa fronte costeira na que se localiza.

Ao abeiro deste novo marco legal, cabe definir unha proposta estratéxica que dea resposta a aqueles aspectos que a problemática municipal de Rianxo e a necesaria perspectiva de futuro obrigan a establecer para o seu desenvolvemento.

As circunstancias actuais do municipio, a detección de novos aspectos da ordenación, as posibles iniciativas particulares, as modificacións no marco xurídico do planeamento e da ordenación urbanística e territorial, supoñen a incorporación de enfoques novos no método de redacción do Plan, introducindo unha maior atención ás infraestruturas, unha lectura das oportunidades do municipio no marco comarcal, un equilibrio entre a potenciación dos recursos produtivos, a protección do medio natural e do patrimonio, a mellora dos servizos dos asentamentos de poboación e o desenvolvemento urbano da vila e dos nodos secundarios e o reforzo da base económica municipal sobre a diversificación de actividades; poñendo o acento na protección e desenvolvemento dos seus recursos ambientais e de fronte costeira como elemento turístico de primeira orde, na integración ambiental e na calidade paisaxística, como factores que caracterizan a Rianxo e que deben seguir identificándose, situándose polo tanto na base da nova planificación urbanística.

Por último, a Vila de Rianxo debe converterse, segundo o documento de Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, nunha subcabeceira do sistema urbano intermedio de A Costa do Barbanza, potenciando o seu papel territorial de nodo urbano acadando unha estrutura urbana sólida, fortalecendo a oferta dotacional, de servizos e produtiva, rendibilizando as súas calidades de orixe, e onde a existencia dun substrato histórico, que aínda que non ten un recoñecemento agregado dende o punto de vista da regulación patrimonial, presenta unha harmonía e inserimento territorial atractivo, é un

dos feitos diferenciais a consolidar xunto coa vocación turística dun municipio con importantes recursos de ocio vinculado á costa, histórico-arqueolóxicos e paisaxístico-naturais.

O contido das determinacións e dos documentos do Plan Xeral de Ordenación Municipal acomódase ao establecido na lexislación urbanística galega, incorporando aqueles outros que son necesarios en función das disposicións regulamentarias e de refundición coa lexislación xeral.

3. O MARCO LEGISLATIVO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL

Transcorridos vinte e nove anos da aprobación das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, a modificación e reforma da lexislación autonómica e estatal xunto coa incorporación da avaliación ambiental estratéxica ao proceso de formulación do planeamento urbanístico configura un novo marco legal ben definido.

Aprobado o planeamento municipal vixente conforme á lexislación urbanística de 1976, e a súa adaptación a Galicia mediante Lei 11/1985, procede agora adaptar as súas determinacións ás esixencias da Lei 9/2002 e das modificacións producidas a través tanto da Lei 15/2004 de 29 de decembro como das leis de medidas urxentes, Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e o litoral de Galicia, Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo e Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, e aquelas outras que debeñen de lexislacións sectoriais (Lei 3/2008, de ordenación da Minería de Galicia, Lei 15/2010, de medidas fiscais e administrativas, Lei 8/2012, de vivenda).

Dende o punto de vista da lexislación estatal prodúcese a adaptación ás determinacións do Real Decreto Lexislativo 2/2008 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

Por último, a incorporación da avaliación ambiental estratéxica na formación do planeamento non só terá repercusión na tramitación senón no método de abordaxe das cuestións urbanísticas na súa escala territorial, incorporando toda a experiencia das directrices e estratexias emanadas tanto dos órganos comunitarios como centrais ou autonómicos.

Este novo marco legal introduce suficientes novidades como para que deban ser considerados á súa luz determinados e relevantes aspectos. O cambio de categorías de solo e os seus réximes, a promoción do principio de precaución fronte aos cambios irreversibles, os límites a un desenvolvemento urbano non dimensionado en función de criterios de sostibilidade, as determinacións a conter polo plan e a súa avaliación ambiental estratéxica e a previa avaliación das accións, a previsión dunha porcentaxe de vivenda suxeita a algún réxime de protección oficial e a propia escala de traballo son cuestións que por si mesmas implican a necesidade dunha reflexión planificatoria, condicionando aspectos de estratexia e estrutura.

4. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

O desenvolvemento acadado polo modelo de ordenación proposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1985 e a evolución do proceso de desenvolvemento urbano no conxunto da área do Barbanza, permiten formular os obxectivos que centran a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Catro aspectos aparecen como centrais para o municipio de Rianxo:

- . A cuestión da accesibilidade comarcal e rexional
- . A especialización funcional e a ampliación da base económica
- . A calidade e eficiencia do feito urbano
- . A resolución do control medioambiental.

A cuestión de nova accesibilidade comarcal e rexional, profundamente transformada coa posta en funcionamento da Autovía do Barbanza e a súa vinculación co Eixe troncal da Autoestrada do Atlántico, é central para o desenvolvemento de Rianxo, configurándose no esquema de ordenación como o grande eixe de conexión comarcal, ao igual que a inmediatez a través da Ponte de Catoira coa marxe sur da Ría de Arousa, reservando os traxectos polo viario histórico para a configuración de viaxes con carácter máis integrado nos espazos naturais e urbanos, propios da mobilidade interna de proximidade.

Rianxo deberá de buscar un perfil funcional dentro da Área do Barbanza, baseado na ampliación da súa base económica. As calidades do seu asentamento histórico, a densidade cultural e patrimonial, a súa posición de vila-porta do Sistema Urbano do Barbanza, e os seus recursos naturais, acumulan potencialidades para o desenvolvemento dunha maior atractividade no sector do turismo. A implantación do novo Parque Empresarial preséntase como unha oportunidade para consolidar a súa base industrial e en xeral as actividades de produción e distribución dada a súa posición vantaxosa de accesibilidade na comarca e de proximidade ao Eixo Atlántico activador da Galicia litoral. O efecto encadeado do desenvolvemento empresarial (na perspectiva da saída da crise) e da valorización turística, permite imaxinar un escenario de reforzamento do sector dos servizos urbanos polarizado nas últimas décadas na veciña Vila de Boiro. A potenciación do Porto constitúe outro elemento de dinamización no ámbito pesqueiro e tamén no deportivo e de ocio.

O perfil residencial está garantido polo pulo experimentado pola Vila, que a determina como un espazo capaz de atraer actividades vinculadas ao sector terciario e de servizos, a reforzarse co desenvolvemento industrial e empresarial presente nun espazo consolidado e ben relacionado como é o Parque Empresarial da Barraca, con capacidade de expansión.

Complementariamente os nodos urbanos secundarios de Taragoña e Asados, situados sobre o sistema histórico de estradas, deben colaborar dende a súa relativa dinamicidade na articulación do resto do territorio municipal, mellorando a súa especialización e compacidade tendente á formación dunhas estruturas urbanas máis complexas e ricas.

Na perspectiva dun proceso renovado de consolidación da Vila de Rianxo, é previo profundar nos aspectos da súa ordenación física para dar axeitada resposta tanto á calidade dos novos espazos urbanos a crear en pezas intersticiais, como á protección e rehabilitación das súas tramas históricas, chamadas a constituír referentes de carácter comarcal, e todo isto inserido na mellora de eficiencia no funcionamento do conxunto urbano que ten na integración da fronte costeira e portuaria un obxecto de traballo específico.

Xunto a isto, un dimensionamento do planeamento adaptado ás demandas previsibles e que partindo do recoñecemento das tramas actuais, establezan a revisión da súa clasificación de solo sobre criterios legalmente establecidos.

Por último, na resolución dos aspectos de defensa e control medioambiental deberá de apreciarse a diferenza xeracional do Plan Xeral con respecto ao planeamento vixente. Primeiro por unha cuestión de escala de traballo, que permite unha análise de pormenor inexistente no actual planeamento; segundo pola nova dimensión cualitativa da ordenación, que debe ter en conta referentes como o Plan de Ordenación do Litoral e o recoñecemento e delimitación do sistema de asentamentos rurais e o control da ocupación indiscriminada do solo rústico, e terceiro polo avance legislativo que se ten producido na materia nos últimos anos, referido basicamente ao desenvolvemento da avaliación ambiental estratéxica e pola profundización da conciencia social sobre a sostibilidade do desenvolvemento.

Con estas premisas e con aquelas que deveñen da incorporación das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan formula os seguintes obxectivos como específicos da súa ordenación:

- Ancorar Rianxo como Vila intermedia no sistema urbano do Barbanza e nó de recepción da súa comarca, e, apoiándose nas boas condicións de accesibilidade mellorar a súa integración no conxunto comarcal e subrexional da ría de Arousa no marco das Directrices de Ordenación do Territorio.
- Fortalecer a estrutura urbana da Vila e dos núcleos urbanos secundarios de Taragoña e Asados, formalizando un modelo compacto e continuo con especial atención ás tramas de interese patrimonial e a súa relación co sistema fluvial e costeiro

de bordo, que deben ter o seu marco nun planeamento especial axeitado á súa escala de desenvolvemento.

- Establecer un modelo de desenvolvemento urbano correctamente dimensionado e adaptado ás demandas previsibles, no marco territorial dun municipio atento á mellora do conxunto dos núcleos rurais, propiciando a compactidade do modelo de asentamento, e o perfeccionamento da ordenación urbanística pormenorizada establecendo unhas ordenanzas axeitadas á estrutura urbana actual, establecendo os mecanismos de xestión do planeamento acorde con estes obxectivos.
- Completar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola potenciación dos seus polos de actividade, o Parque Empresarial e o Porto, coa súa integración na trama urbana da Vila, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila.

Estes obxectivos específicos deben acadarse no marco dos seguintes obxectivos xerais do Plan Xeral:

- Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral, adaptado tanto á lexislación urbanística vixente como ao novo marco de ordenación territorial xurdido tras a aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio, e cun axeitado grao de calidade técnica, capaz de responder ás demandas do desenvolvemento urbano derivado da ampliación da base económica e da potenciación dos recursos locais.
- Profundar na mellora da calidade dos servizos públicos, as infraestruturas, as dotacións e equipamentos e a urbanización do espazo público dos núcleos urbanos e rurais, como factor básico á hora de construír un armazón sobre o que asentar a estratexia de desenvolvemento que se define para Rianxo.
- Consolidar o actual modelo de asentamentos, no que os núcleos rurais deberán ser identificados cun criterio de delimitación acorde ás súas necesidades e no marco do respecto e valorización dos recursos ambientais e produtivos.
- Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección e rehabilitación das tramas históricas e dos espazos naturais e concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro,

establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral conforme ás directrices do Plan de Ordenación do Litoral.

5. ESTRUCTURA XERAL DA ORDENACIÓN E MODELO DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO

O modelo de desenvolvemento territorial contemplado na tradición das leis urbanísticas supón unha preferencia pola potenciación dos asentamentos urbanos e dos núcleos territoriais e rurais, así como unha vontade de freo do crecemento disperso, resultando unha referencia xenérica válida.

O modelo territorial proposto para a ordenación e desenvolvemento urbanístico de Rianxo apóiase nos seguintes niveis estruturantes:

- A Vila de Rianxo como feito urbano principal, coa súa extensión cara o norte abrangendo os núcleos de Rianxiño, O Bosque, A Carballeira, O Pazo, na que destaca o seu casco histórico e a súa calidade ambiental en relación a súa posición sueste da enseada de Rianxo na marxe norte da Ría de Arousa. Para o seu desenvolvemento establécense propostas de ordenación baseadas no recoñecemento da súa singularidade en canto á relación coa fachada litoral e ás tramas históricas, propoñendo as actuacións de remate que permiten xerar novos espazos públicos de relación así como o remate das perspectivas volumétricas do perfil da Vila.
- Os nodos urbanos secundarios de Taragoña -como agregado de A Igrexa, Iñobre, O Castriño, O Cruceiro, A Coviña, A Senra, O Burato, A Cruz, Cartomil, Ourolo- e Atalaia-Asados -como agregado de Atalaia, Asadelos, Santa Lucía, Vilanustre- recollendo as formacións de bordo das estradas AC-315 e DP-7203 e DP-7202, que serviron de nexo e soporte infraestrutural de unión dos núcleos existentes, respectivamente, nos que cómpre reforzar tanto a estrutura como as súas funcións, vinculadas co uso e disfrute da costa no primeiro nodo e de servizo ao seu territorio asociado no caso do segundo, tendo presente a necesidade de producir unha nova ordenación da sección viaria das travesías, evolucionada dende a estrada cara á rúa.
- O sistema de núcleos rurais histórico-tradicionais de base rural e con apoio e inserción no territorio produtivo, onde o obxectivo do Plan Xeral é garantir a pervivencia da súa singular morfoloxía e tipo edificatorio, dotados ambos de valores patrimoniais, favorecendo as políticas de rehabilitación e de mellora do espazo público. A aplicación da Lei 9/2002 da Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, garante neste senso un nivel mínimo de determinacións da ordenación.

- Os espazos naturais delimitados, todos os ecosistemas acuáticos e medioambientais de interese e aqueloutros de carácter costeiro, fluvial, agrícola, forestal e de monte, que representan elementos de valor produtivo e paisaxístico e que nalgúns dos casos rebasan o ámbito municipal, así como a identificación e posta en valor dos elementos patrimoniais que teñen presenza territorial.
- O sistema principal viario, enriquecido cos proxectos e trazas dos estudos informativos en curso, completados coas determinacións e propostas de planeamento -vinculadas á mellora de seccións e itinerarios-, cara a súa eficiencia como soporte dunha accesibilidade axeitada ás necesidades propias, eliminando, na medida do posible, da vila histórica o paso dos vehículos que realizan longos percorridos ou os de acceso especializado (circunvalación leste de Rianxo ou novo acceso ao porto).
- O Parque Empresarial e Industrial de Rianxo desenvolto a través dun Proxecto Sectorial, que debe servir como foco de actividades vinculado á súa posición estratéxica con respecto coas vías de comunicación supramunicipal. O Plan Xeral formaliza e complementa o ámbito de actividade na área próxima con menos incidencia ambiental e topográfica, cun uso mixto terciario-industrial co fin de localizar actividades especializadas de apoio ás empresas no ámbito comarcal e ao uso produtivo básico.

A consolidación dun modelo referido á Vila, compacto e razoablemente denso, e a priorización da calidade ambiental e urbanística son criterios que sustentan ao Plan Xeral, e que no marco planificadorio se substancia nunha estrutura urbana cunha correcta clasificación e dimensionado de solo, unha reelaboración do sistema de accesibilidade que incorpore a peonalidade de determinados ámbitos potenciando o seu papel de espazo central de relación e de núcleo de identidade do litoral, a entrega da Vila aos espazos de interese ambiental, paisaxístico e natural que configura a costa e o sistema fluvial, a construción dos bordos e periferias ata os límites infraestruturais ou naturais e o inserimento urbano das grandes dotacións.

A importancia do acabado da trama herdada, manifestada na atención preferente ás intervencións de pequena e media escala que permiten formalizar e producir accións de ampliación, sutura e remate que logran a revalorización da Vila existente, debe ser reinterpretada e regulada nos seus aspectos de permanencia positiva; o acento na revisión da ordenación das pezas vacantes inseridas na trama, coa procura dunha escala de detalle para a continuidade e a integración nos tecidos urbanos existentes, como manifestación dunha actitude concreta e realista de resolver problemas correctamente dimensionados en escala e función, fronte á lóxica simplista e sectorial da mera clasificación de solo; ou a referencia ao proxecto global da Vila, fundamentado

nunha idea de estrutura mediante a formalización dalgúns elementos xerais, son partes do proxecto xeral de estrutura que constitúe o obxecto disciplinar central da ordenación urbanística na escala da planificación xeral do paso da norma ao plan.

O límite do solo urbano axustarase no posible aos lindes parcelarios e a súa cualificación debe tender a completar as distintas tramas urbanas existentes ata formar un continuo urbano segundo criterios de proxecto subordinados a un concepto xeral de ordenación para o conxunto da Vila.

A concepción do modelo de Vila, que é tamén aplicable na súa escala para os nodos urbanos secundarios, que se pretende para Rianxo estará caracterizado así polas seguintes trazas:

- . **Compactidade** do conxunto urbano, á busca das vantaxes (económicas e ambientais) da concentración e a continuidade, da eficiencia funcional, da primacía da mobilidade peonil, e da rendibilización das infraestruturas.
- . **Multifuncionalidade**, propiciando a convivencia no espazo urbano de usos diversos compatibles, evitando a segregación de espazos periféricos co inserimento de actividades de servizo a todo o territorio municipal, procurando a diversidade social.
- . **Integración urbana**, procurando a articulación interna do conxunto e a ancoraxe das novas actuacións nas estruturas anteriores mediante a continuidade e o relacionamento a través do viario e dos sistemas ambientais e a integración do seu Porto, como centro básico de actividades económicas e turísticas.
- . **Calidade urbanística e inserimento ambiental**, partindo da base da necesidade de superar os déficits esixentes de espazos verdes, con atención ao proxecto urbano, preeminencia da definición formal e funcional do espazo público e apertura á expresión arquitectónica, co sentido de formalizar unha axeitada imaxe urbana e a súa fachada litoral, incorporando sistematicamente os elementos preexistentes de interese ambiental, cultural, natural ou paisaxístico.
- . **Continuidade**, esforzándose no acabado das pezas, no religamento entre elas e no crecemento por agregación de pezas rematando a construción da Vila, ocupando os intersticios residuais e atendendo especialmente aos encontros entre pezas de diferente condición, núcleos de orixe absorbidos, tramas especiais de fronte costeira, ...

Como obxectivo complementario está consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.

Así a utilización do solo rústico non poderá efectuarse en contradición coas súas tendencias orixinarias de forma que se respecten e protexan os seus valores naturais e culturais que aínda subsisten e, en consecuencia, concentrar os usos económicos e residenciais alí onde tradicionalmente se instalaron, nos núcleos de poboación.

